



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, informou esta mañá ao **Consello da Xunta de Galicia** sobre a **participación galega no programa de I+D+i da Comisión Europea Horizonte 2020 (H2020)**, unha oportunidade única de financiamento para os axentes galegos de I+D+i, xa que conta cun orzamento para o periodo 2014-2020 de máis de 77 mil millóns de euros.

No primeiro ano de execución do programa, Galicia xa conseguiu un **retorno de 14,7 millóns de euros**. Esta cifra triplica o retorno conseguido no mesmo período do 7º Programa Cadro, pasando a converterse na **sexta comunidade autónoma de España** en porcentaxe de captación de fondos europeos de I+D+i, e o número de proxectos acadados, **33 proxectos**, incrementouse nun 40%. Ademais, as entidades galegas **lideran o 38% dos proxectos** nos que participan, cuadruplicando a porcentaxe de proxectos liderados no mesmo periodo no 7º Programa Cadro.

Estes datos poñen de relevo non só un aumento cuantitativo na capacidade de captar fondos europeos de I+D+i, o que demostra a excelencia do sistema galego de innovación, senón tamén unha mellora cualitativa, ao aumentar a capacidade de liderar proxectos con outros socios europeos.

As **universidades e os centros de coñecemento** son as entidades que máis fondos captaron. As empresas, pola súa banda, cuadruplicaron o retorno respecto ao mesmo periodo do 7º Programa Cadro.

Para impulsar a participación galega no programa H2020 a Axencia Galega de Innovación, no marco da **Estratexia de Especialización**

Intelixente - RIS3, conta cun **Plan de Dinamización para a participación de Galicia en H2020**. Este plan inclúe 24 actuacións que van dende a formación ao asesoramento personalizado, o apoio na preparación de propostas, a busca de financiamento complementario, etc, co obxectivo de captar 120 millóns de euros para Galicia procedentes do Horizonte 2020.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.